



XII
Certame musical

A mocidade coa nosa lingua

28 de abril de 2011. Ás 10:00 h.
CASA DA CULTURA PINTOR LLORENS
SADA

Consello Municipal de Sada
Consello de Normalización da Lingua Galega

XII Certame Musical

A mocidade coa nosa lingua

Este certame, dirixido a todos os centros de educación secundaria da bisbarra, ten como finalidade potenciar novos ámbitos de uso para a nosa lingua, axudando a normalizala entre o noso alumnado.

Bases do XII certame musical *A mocidade coa nosa lingua*

- 1- Os centros comprométense a desenvolver esta actividade en dúas fases:
 - Fase interna de clasificación de cada un dos centros participantes.
 - Fase intercentros.
- 2- Poderán participar grupos e/ou solistas. Nos grupos, cando menos, o 50% dos seus compoñentes deben ser alumnos/as do centro.
- 3- Cada centro poderá participar na fase intercentros cun máximo de dous grupos. No caso de que sexan moitos os centros participantes, a participación reducirase a un grupo por centro.
- 4- Cada grupo ou solista interpretará dúas pezas musicais como máximo. Por criterios organizativos, as pezas tamén se poderían ver reducidas a unha.
- 5- A letra da composición, se a tiver, deberá estar en lingua galega e poderá ser de autoría propia ou tratarse dun poema musicado. Un mes antes do certame enviaranse as letras á organización.

- 6- No caso das pezas instrumentais, interpretarase "música de raíz", podendo ser tanto temas populares como de creación propia.
- 7- Tendo en conta que se trata dunha actividade que ten como obxectivo promover o uso do galego, valorarase a soltura e calidade do dominio da nosa lingua nas manifestacións do grupo dirixidas ao público (presentación dos compoñentes, comentario dos temas...).
- 8- Valorarase o feito de que as letras e/ou a música sexan orixinais.
- 9- O xurado estará integrado por un profesor/a e un alumno/a de cada un dos centros participantes. O seu fallo será inapelable.
- 10- Haberá tres premios en metálico:
 - 1º premio: 300 €
 - 2º premio: 200 €
 - 3º premio: 100 €
- 11- O certame está aberto a todos aqueles centros que queiran participar, sempre que asuman as bases expostas e aporten a cota económica que corresponda derivada do reparto dos gastos necesarios para levar a cabo o certame.
- 12- O incumprimento de calquera dos puntos das bases provocará a descualificación do grupo ou solista.
- 13- A fase final intercentros terá lugar o 28 de abril de 2011 na casa da cultura Pintor Lloréns de Sada, ás 10:00 horas.